

Declaración de interese para NOVOS títulos de MÁSTER que se implanten no curso 2023/2024

Normativa reguladora máis relevante: [RD 822/2021](#) polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, modificado polo [RD 861/2010](#); [Decreto 222/2011](#) polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia modificado polo [Decreto 161/2015](#), [Orde do 20 de marzo de 2012](#) pola que se desenvolve o Decreto 222/2011 e Acordo do Consello de Goberno do 01 de febreiro de 2021.

Denominación do título de MASTER proposto	Máster Universitario en Vehículos Autónomos 120 ECTS Tipo de docencia: HÍBRIDA
Centro de impartición na UVIGO	Escola de Enxeñería Industrial.
Obxectivos do título	A innovación tecnolóxica asociada á autonomía e intelixencia dos vehículos, apoiada na existencia dun marco xurídico europeo propicio para a súa chegada e no impulso da mobilidade sostible, fai cada vez máis necesaria a existencia de perfís profesionais neste ámbito e de titulacións, como a que se propón, que doten ao estudante das competencias requiridas para o seu correcto desempeño e desenvolvemento profesional e que poida aproveitar todas as oportunidades que van presentar nos próximos anos dentro do campo dos vehículos Autónomos. Así pois, o Máster en Vehículos Autónomos ten como obxectivo xeral proporcionar unha formación avanzada en temas de mobilidade a todos os niveis, cunha clara orientación cara a unha especialización profesional de alto nivel, que axude a coñecer os aspectos e os retos tecnolóxicos da mobilidade e, á vez, sexa un instrumento que permita mellorar a empregabilidade dos egresados e que favoreza a promoción de iniciativas para o desenvolvemento da nosa Comunidade Autónoma en sectores estratéxicos. En esencia, pretende ofrecer unha formación superior a nivel MECES 3 (EQF 7) que complemente e reforce a formación dos graduados, fundamentalmente das enxeñerías, constituíndo unha vía para a especialización dos estudantes nun ámbito moi demandado polas sociedades desenvolvidas, os vehículos autónomos, e cun enorme potencial de cara ó futuro.
Data da xunta de centro na que se aproba a proposta	PROPOSTA INSTITUCIONAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO MAPA TITULACIÓNS XUNTA GALICIA 2030 XdE EEI: 17 de decembro de 2021
Persoa de contacto no centro	Nome: Juan E. Pardo Froján
	Email: jpardo@uvigo.es
	Teléfono: 986812211
É a proposta un título de Máster ligado a competencias profesionais reguladas	<input type="checkbox"/> Non
	<input type="checkbox"/> Si, indicar profesión regulada:
	<input type="checkbox"/> Non

<p>Cumpre os requisitos xerais establecidos no artigo 4 do Decreto 222/2011 de 2 de decembro polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais?</p>	<p><input checked="" type="checkbox"/> Si Indicar cales:</p> <ul style="list-style-type: none"> o Conta con 120 ECTS o Contempla prácticas en empresa o Traballo Fin de Máster o Modalidade: Híbrida
<p>Cumpre os requisitos específicos para título de máster recollidos no artigo 5 do Decreto 222/2011 de 2 de decembro polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais?</p>	<p><input type="checkbox"/> Non</p> <p><input type="checkbox"/> Si. Indicar cales:</p> <ul style="list-style-type: none"> o Ten unha orientación laboral e práctica. o Conta co apoio e colaboración de empresas e institucións do ámbito socioeconómico. o Contempla prácticas do estudiantado. o Cobre a formación superior de persoal en áreas de elevada demanda laboral.
<p>É unha proposta de carácter interuniversitario?</p>	<p><input type="checkbox"/> Non</p> <p><input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> Si, indicar universidades participantes, con indicación expresa da universidade coordinadora: Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo. A universidade coordinadora é a Universidade de Vigo.</p>
<p>Departamentos que poderían participar na docencia (indicar relación):</p>	<p>Polo seu carácter multidisciplinar e amplitude de contidos, poderían participar fundamentalmente aqueles departamentos do ámbito tecnolóxico.</p>
<p>Incluír unha breve aínda que precisa descrición da necesidade, interese e obxectivos do máster e a súa adecuación aos requisitos que figuran artigo 4 do Decreto 222/2011</p>	<p>A transformación dixital que está a experimentar o ámbito dos vehículos terrestres, marítimos ou aéreos non ten precedentes. Esta evolución está a permitir que o nivel de sofisticación, conectividade e autonomía dos vehículos sexa cada vez maior e presente maiores esixencias que requiren de profesionais de alta cualificación. Contar coa existencia nas tres universidades galegas de diversas titulacións centradas nos ámbitos de coñecemento esenciais do experto en vehículos autónomos ofrece unha ampla base de potencial alumnado para esta titulación cunha adecuada formación de partida, que reforza a previsible demanda deste título de máster. Así mesmo, dispoñer dun ecosistema como o que presenta a Comunidade Autónoma Galega neste ámbito permite prever a existencia de demanda desta titulación nos tres sectores (terrestre, marítimo e aéreo) e reforzar dentro do ámbito internacional o posicionamento estratéxico de Galicia neste campo a través da participación de axentes do seu ecosistema de vehículos autónomos en proxectos internacionais relevantes.</p>
<p>Composición da comisión redactora proposta (o artigo 5.7 do RD 822/2021 esixe participación do alumnado na comisión redactora)</p>	<p>3 membros por cada Universidade: A proposta oficial da Universidade de Vigo é: Juan E. Pardo Froján. Director da Escola de Enxeñería Industrial. Rafael Sanz Domínguez. Catedrático de Universidade do Departamento de Enxeñería de Sistemas. Higinio González Jorge. Profesor Titular de Universidade. Subdirector da Escola de Enxeñería Aeronáutica e do Espazo. A proposta oficial da Universidade de Santiago de Compostela é:</p>

	<p>Tomás Serafín Cuesta García. Director da Escola Politécnica Superior de Enxeñería.</p> <p>Roberto Iglesias Rodríguez. Profesor Titular de Universidade. Departamento de Electrónica e Computación.</p> <p>Francisco Javier García Polo. Profesor do Departamento de Electrónica e Computación</p> <p>A proposta oficial da Universidade da Coruña é:</p> <p>Andrés José Piñón Pazos. Director da Escola Politécnica de Enxeñería de Ferrrol.</p> <p>Vicente Díaz Casás. Profesor Titular de Universidade. Departamento de Enxeñería Naval e Industrial.</p> <p>Álvaro Deibe Díaz. Profesor Titular de Universidade. Departamento de Matemáticas.</p> <p>Estudantado: A acordar entre as tres Universidades de xeito equitativo</p>
--	---

- A data límite para enviar a declaración de interese sobre novas propostas de MÁSTER que se pretendan implantar no 2023/2024 é o 11 de febreiro de 2022
- Enviar a verifica@uvigo.es